



Expte 97471/332

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN , ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS

1. OBXECTO

O obxecto do contrato é a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas que o Concello de Vigo programa anualmente para cada curso académico, orientado ao logro das denominadas competencias educativas básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático, así como de información sobre o contorno e equipamentos culturais da cidade, mediante unha metodoloxía e proceso instructivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto.

1.1. División en lotes.

En aplicación do artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) **non existirá a división por lotes** por canto a xestión deste programa educativo municipal require dunha coordinación única, dunha xestión e organización integral de todos os elementos e aspectos que conforman un servizo destas características. Estímase que a división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, dificultaría a súa xestión posto que a realización do obxecto do contrato esixe a coordinación de toda loxística para desenvolver a función de única xefatura de estudos que promova e dirixa o plan de formación e actualización didáctica de todo o equipo docente, a organización integral do programa lectivo de ensinanzas básicas iniciais e das distintas actividades complementarias e/ou extraescolares contempladas no proxecto, a optimización dos recursos didácticos do programa e a coordinación das tarefas de xestión administrativa inherentes ao programa compaxinadas cos traballos de divulgación e publicitación deste programa municipal.

Polo tanto a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas debe ser realizado baixo unha única coordinación, de xeito que os licitadores deberán presentar a súa oferta referida á totalidade dos servizos.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Tendo en conta o obxecto específico deste contrato, que require de persoal especializado e recursos didácticos materiais, é necesario proceder a súa contratación cunha empresa cualificada, toda vez que o Concello de Vigo non conta con medios técnicos e materiais suficientes, nin con persoal cualificado e con titulación adecuada para prestar o citado servizo.

O Concello de Vigo non dispón de persoal docente con competencia pedagóxica no exercicio de impartición, ensinanza e formación especializada na modalidade de alfabetización de persoas adultas como persoal esencial e primordial para implementar un programa lectivo de ensinanzas na procura da adquisición e consolidación das denominadas competencias básicas ou habilidades instrumentais básicas da lectoescritura e do cálculo matemático; tampouco dispón de medios de transporte (nomeadamente, autobuses, trens, taxis ...) empregados habitualmente para o desenvolvemento das viaxes e desprazamentos para as visitas didáctico-culturais por parte do alumnado participante nesta iniciativa didáctica municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 1 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

3. TIPO DE CONTRATO, PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato, polo seu obxecto, será de **servizos**, segundo o previsto no artigo 17 da LCSP.

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu importe propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de **procedemento aberto e de tramitación ordinaria** (artigos 156 e 116 LCSP), de xeito que calquera licitador interesado poida participar, favorecendo a maior concorrencia posible.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o mesmo.

Establécese unha duración prevista do contrato por un período de **CATRO CURSOS LECTIVOS** (comprenden 8 meses lectivos por curso académico dende outubro-maio) coa posibilidade de ser prorrogado por outro período de oito meses de duración máxima para outro curso lectivo e, en todo caso, ata o 31 de maio de 2029, sendo as prórrogas obrigatorias para o contratista, sempre que se lle teña comunicado con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

A estimación de data de inicio da prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria é o **01 de outubro de 2024**

Justificación do prazo de execución e prórroga do contrato

Tendo en conta o servizo a realizar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz, que ven determinado pola necesidade de darlle estabilidade ao servizo garantindo unha prestación integral do mesmo de xeito continuado, motivo polo que se considera adecuada a duración do prazo de execución, así como, a posibilidade de prórroga.

O programa educativo municipal “Educación Básica de Persoas Adultas”, prestarase para o citado período de execución do contrato, nos termos que se recollen no PPT, nun período comprendido entre outubro e decembro do ano 2024 e entre xaneiro e maio do ano 2028, cun desenvolvemento semellante ao do curso escolar oficial, con inicio en outubro e remate en maio.

5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA QUE DEBERÁ ACREDITAR O LICITADOR

5.1. Solvencia económica e financeira:

Considérase suficiente a que ven empregando o servizo de contratación para contratos de servizos, sen que se advirta a existencia de riscos especiais vinculados ao obxecto deste contrato. Neste suposto considérase axeitado ao favorecer a concorrencia, en canto se fixa un volume de negocio esixible por debaixo do previsto con carácter xeral no art. 87 da LCSP. Neste sentido enténdese suficiente a acreditación, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, **igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 2 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

5.2. Solvencia técnica:

En relación coa solvencia técnica considérase suficiente a previsión do art. 90.2 da LCSP, con carácter xeral en defecto de previsión expresa. En consecuencia, acreditarase cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao **70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato.**

Considérase de especial relevancia que as empresas licitadoras contén cunha solvencia técnica axeitada para garantir o bo desenvolvemento do programa educativo. Neste sentido, é necesario precisar o criterio da experiencia do licitador en obxectos de similar natureza. Dado que, a previsión supletoria do art. 90 LCSP respecto dos tres primeiros díxitos coa CPV pode ser insuficiente para garantir a similitude material na experiencia necesaria para o desenvolvemento deste programa educativo.

Así, debe preverse no prego de cláusulas administrativas que por **servizos de similar natureza entenderase referida á xestión e impartición de docencia para a formación e alfabetización de persoas adultas.**

Xustificación da solvencia: Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas da solvencia económica e financeira e técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, así como a calidade do servizo.

É primordial que as empresas participantes teñan experiencia acreditada na execución deste tipo de programas de formación e alfabetización de persoas adultas, que implica unha prestación plural de traballos básicos como a organización e desenvolvemento do programa lectivo-formativo de ensinanza e consolidación de competencias instrumentais básicas de lecto-escritura e cálculo matemático, a programación e xestión de actividades complementarias e/ou extraescolares, a coordinación das tarefas administrativas inherentes ao programa (inscrición e matrícula alumnado, xestión de altas e baixas alumnado, proceso integral de información continua e permanente ao alumnado participante, implementación de traballos de divulgación e publicitación do programa municipal...); todo elo dirixido a un colectivo especialmente sensible como aqueles grupos ou colectivos sociais máis carentes de oportunidades e opcións de formación de calidade axeitada ás súas demandas (rendas baixas, risco de exclusión, parados de longa duración, mulleres que non accederon ao sistema educativo...), e polo tanto máis necesitados da consecución daquelas habilidades básicas que posibilitan un desenvolvemento persoal, un soporte de igualdade de oportunidades e unha integración e participación activa na vida social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 3 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Distribución de puntuación e prevalencia dos criterios de calidade (Anexo IV)

Establécense os criterios de valoración que de seguido se expresan para poder valorar a calidade das ofertas en base ao estudo pormenorizado das achegas que cada licitador faga e que mellor atendan ás necesidades de implantación do Programa Municipal de Educación Básica de Personas Adultas.

En atención ao obxecto deste contrato e a finalidade do programa educativo, a adxudicación do contrato realizarase empregando unha pluralidade de criterios co fin de identificar a oferta que garde unha mellor relación calidade-prezo. Considérase oportuno establecer unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor, que teña como obxectivo identificar de entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen unha maior calidade respecto de elementos esenciais para garantir unha correcta execución dos servizos obxecto do contrato. Como se verá, os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, e as características e a natureza do contrato. No caso dos avaliábeis mediante fórmula son obxectivos.

Así, propónse a seguinte **distribución da puntuación (TOTAL 100 PUNTOS)**:

- A) Avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor = 40 puntos.
- B) Avaliación de criterios suxeitos a fórmula = 60 puntos.

En canto á **xustificación do cumprimento dos requisitos relativos aos criterios de calidade, ao tratarse dun contrato do Anexo IV:**

En concreto, trátase dun contrato do anexo IV polo que os criterios relacionados coa calidade que de seguir se propoñen representan máis dun 51% da puntuación asignada. De xeito que unicamente se asignan ao criterio prezo un 45% da puntuación total posible, correspondéndose os restantes criterios aplicables mediante fórmula, a criterios que repercuten na calidade do programa, como: o desenvolvemento mensual de actividades complementarias dentro do horario lectivo, o desenvolvemento mensual de actividades extraescolares fóra do horario lectivo e o desenvolvemento anual de cursos específicos de formación de persoal cunha duración mínima.

Esta distribución da puntuación establécese tendo en conta a relevancia que ten neste contrato a proposta de proxecto de programa educativo de “Educación Básica de Persoas Adultas”, xa que esta inflúe no prezo total do contrato e nos custos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal “Educación Básica de Persoas Adultas”. En xeral son ponderados buscando avaliar as propostas realizadas co criterio de tentar escoller a oferta máis vantaxosa no seu conxunto para a Administración Local.

6.1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (ata 40 puntos).

6.1.1. Proxecto de programa educativo de “Educación Básica de Persoas Adultas”: valorarase con ata 40 puntos.

Este criterio subdivídese nos seguintes apartados:

- 1. Características do Proxecto Educativo:** valorarase con ata 9 puntos. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:
 - a. Calidade, coherencia e viabilidade do proxecto pedagóxico presentado e desenvolvemento da programación educativa para cada nivel proposto: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - b. Formulación precisa e coherencia dos obxectivos que se pretenden acadar: valorarase con ata 1,25 puntos;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 4 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

- c. Concreción e secuencialización de contidos relacionados coa adquisición das competencias básicas: valorarase con ata 1,25 puntos;
 - d. Plan de estudos especificando o proceso de promoción do alumnado: valorarase con ata 1,25 puntos;
 - e. Procedementos e criterios de avaliación para a adquisición das distintas competencias básicas e para cada nivel que se propoña: valorarase con ata 1,25 puntos;
 - f. Plan de divulgación da iniciativa didáctica municipal: valorarase con ata 1,25 puntos;
 - g. Determinación precisa de accións e propostas para reforzar a presenza institucional do Concello: valorarase con ata 1,25 puntos.
- 2. Programa de Actividades e Plan de Traballo a desenvolver:** valorarase con ata **9 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:
- a. Definición e formulación concreta do plan de actividades didácticas que o licitador oferte no marco do programa educativo proposto: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - b. Concreción e precisión na definición de toda a loxística organizativa, dos medios e plan de transporte para o desenvolvemento das actividades propostas: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - c. Determinación precisa do cronograma de execución e distribución horaria: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - d. Plan de control de calidade das actividades propostas respecto da adquisición das competencias básicas: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - e. Liña metodolóxica xeral e inclusiva que se propón: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - f. Concreción propostas de actuación relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs) para a formación en competencias dixitais: valorarase con ata 1,50 puntos.
- 3. Organización dos recursos humanos propostos:** valorarase con ata **7 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:
- a. Concreción de organigrama funcional dos recursos humanos, e definición da súa xornada laboral e/ou adicación horaria e distribución de tarefas concretas que asumirá o persoal que a empresa licitadora pon a disposición do programa: valorarase con ata 3,50 puntos;
 - b. Determinación precisa do Plan de Acción Titorial e mecanismos e estratexias de coordinación entre o persoal vinculado ao programa e para o fomento da implicación activa do profesorado proposto co alumnado participante: valorarase con ata 3,50 puntos.
- 4. Contexto Alumnado:** valorarase con ata **6 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:
- a. Determinación precisa das canles, ferramentas e protocolos que o adxudicatario siga nos procedementos de información, atención, admisión e selección do alumnado: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - b. Concreción do proceso para o seguimento do control de asistencia, e o fomento da participación activa do alumnado nas actividades formativas: valorarase con ata 1,50 puntos;
 - c. Criterios de agrupamento inicial do alumnado participante e dispoñibilidade de protocolo de integración e incorporación para novo alumnado: valorarase con ata 1,50 puntos;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 5 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

d. Medidas de atención á diversidade onde se artellen diferentes propostas de reforzo educativo das aprendizaxes para o alumnado que require unha atención diferente á ordinaria: valorarase con ata 1,50 puntos.

5.- Características dos espazos e instalacións: valorarase con ata **4 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

a. Calidade dos espazos propostos, condicións de accesibilidade e idoneidade do equipamento das instalacións propostas, acordos para impartir as accións formativas: valorarase con ata 4 puntos.

6. Características dos Recursos materiais: valorarase con ata **2,50 puntos**

a. Relación de Materiais didácticos, pedagóxicos, recursos multimediais e equipos que compromete o licitador para o seu uso polos participantes e para o mellor cumprimento dos obxectivos plantexados no Proxecto Educativo: valorarase con ata 2,50 puntos.

7. Proposta de Regulamento de Réxime Interno: valorarase con ata **2,50 puntos**

a. Especificación concreta dos criterios e normativa xeral de funcionamento de obrigado cumprimento para os participantes que fará referencia a: normas xerais de comportamento, solución de conflitos, relación co persoal adscrito e supostos e procedementos para altas e baixas no programa, canles de participación... O Concello de Vigo se reserva, se é o caso, a adaptación desta proposta de regulamento, sen que isto signifique unha modificación das condicións do contrato: valorarase con ata 2,50 puntos.

Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o **umbral mínimo de puntuación** que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de **20 puntos**. Considérase imprescindible a existencia deste umbral, que deberá superar calquera oferta que se presente, xa que é un indicador básico da calidade do servizo a prestar, ao reflectir detalladamente a conceptualización que o licitador desenvolve respecto dos aspectos reflectidos no Prego de prescricións técnicas.

Xustificación criterios de adxudicación mediante xuízo de valor: Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a selección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén a mellor oferta en relación calidade-prezo para a Administración.

Interesa avaliar distintos criterios de relevancia, como factores importantes que permitan garantir unha óptima prestación do servizo. Son criterios descritivos esencialmente cualitativos que tentan fundamentar obxectivamente a calidade dos aspectos organizativos, estruturais e de funcionamento da proposta de "Educación Básica de Persoas Adultas" que presenta o licitador. Esta proposta debe ter a capacidade atender os aspectos claves para os que se realiza a contratación, e para elo concretar de xeito coherente, viable e eficiente, distintos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa, segundo o indicado na cláusula cuarta do Prego de prescricións técnicas.

Dende o Servizo de Educación **considérase imprescindible a esixencia dun umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor que se debe acadar para continuar no proceso selectivo**, e polo tanto que deba superar calquera oferta que se presente para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas"; xa que é un indicador básico e esencial da calidade do programa de formación nas técnicas instrumentais e adquisición das competencias básicas para alumnado adulto a prestar.

As características do programa e do alumnado destinatario requiren unha axeitada preparación das ofertas, sen que resulte suficiente unha simple réplica, copia literal e/ou mimética transposición do indicado nos pregos na correspondente oferta, que non serán positivamente avaliadas. As ofertas deben contar cunha mínima calidade e garantir un óptimo cumprimento a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 6 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

nivel organizativo, de xestión, lectivo, pedagóxico e de intendencia de cando menos os contidos mínimos esixidos, para facer viable o desenvolvemento desta iniciativa didáctica municipal tendo en conta os requisitos requiridos nos pregos.

Este programa municipal, atende en moitas ocasións a un colectivo singular e vulnerable carente dunha formación básica, a persoas dos sectores máis desfavorecidos en riscos de exclusión social, como o alumnado adulto que abandonou de xeito prematuro o sistema educativo, minorías étnicas, inmigrantes, rendas baixas... e que precisan dunha especial atención para poder aumentar as súas posibilidades de inmersión social e laboral.

6.2. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA (ata 60 puntos).

6.2.1.- Redución do prezo: valorarase con ata **45 puntos**. Para a valoración deste criterio aplicaranse as fórmulas previstas na cláusula 6.3.1 desta Memoria.

6.2.2.- Desenvolvemento de actividades complementarias: Valorarase con ata **6 puntos**

Por cada actividade complementaria ofertada con carácter mensual dentro do horario lectivo que se comprometa a desenvolver o licitador de conformidade co contemplado no punto 4.1.3 do PPT, outórgase **0,75 puntos**.

6.2.3.- Desenvolvemento de actividades extraescolares: Valorarase con ata **6 puntos**

Por cada actividade extraescolar ofertada con carácter mensual fóra do horario lectivo que se comprometa a desenvolver o licitador, de conformidade co contemplado no punto 4.1.3 do PPT, outórgase **0,75 puntos**.

6.2.4.- Desenvolvemento de cursos específicos de formación do persoal: Valorarase con ata **3 puntos**

Por cada curso con carácter anual específico de formación de persoal de duración igual ou maior de 10 horas ofertado que se comprometa a desenvolver o licitador de conformidade co contemplado no punto 4.7 do PPT, outórgase **1 punto**.

Xustificación criterios de adxudicación mediante fórmula: Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son ponderados e, en definitiva buscan avaliar propostas realizadas para mellorar a relación calidade/prezo da oferta, de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, entre as diferentes ofertas realizadas, que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

O **desenvolvemento mensual de actividades complementarias dentro do horario lectivo**, axuda ao desenvolvemento integral do alumno/a e beneficia claramente a súa formación, xa que posibilita a súa relación fóra do ámbito escolar e contribúe á mellora das habilidades sociais, emocionais e cognitivas. Estas actividades que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, supoñen unha proxección da programación lectiva e contidos a outros escaerios a outras ubicacións, e potencian a capacidade de enfrentarse a situacións diferentes e deste xeito adquirir máis autonomía e espírito crítico.

O **desenvolvemento mensual de actividades extraescolares fóra do horario lectivo**, contribúe a ter maior éxito a nivel persoal e profesional, xa que están enfocadas a complementar os contidos formativos do programa de educación básica de persoas adultas, nun entorno ameno e atractivo para o alumnado, con recursos e espazos que utilizan novidosos, e deste xeito traballar o seu rol activo e participativo en grupo, fomentando a súa creatividade e a súa motivación por seguir aprendendo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 7 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O **desenvolvemento específico de cursos de formación do persoal docente** é un elemento fundamental e factor clave para conseguir a mellora da competencia da competencia profesional de cada profesor/a, o que contribuirá sen dúbida algunha ao desenvolvemento dunha formación de máis calidade e equidade. Posibilita a actualización e mellora das habilidades pedagóxicas, o manterse ao día nas últimas tendencias formativas, e a adquirir novos coñecementos explorando novas metodoloxías de ensinanza.

En definitiva, unha mellor capacitación docente garante unha mellor atención educativa do alumnado adulto no reto constante de adaptarse ás necesidades do mesmo.

6.3. VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

6.3.1. Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 8 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

Xustificación das fórmulas: Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade e co visto e prace da Intervención Municipal.

6.3.2. Para valorar os demais criterios avaliados mediante fórmula aplicaranse as regras contempladas no apartado 6.2 desta Memoria xustificativa.

- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

7. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

8. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, óptase neste contrato por establecer condicións especiais de execución de tipo medioambiental. Así, tratándose dun programa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 9 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

educativo, garda relación directa do obxecto do contrato que o alumnado empregue nas actividades docentes papel reciclado, que tamén será empregado nos soportes documentais divulgativos (tríptico e cartel) empregados na oferta deste programa educativo municipal. De maneira que, esta condición especial de execución está directamente relacionada cos servizos obxecto de contratación e resulta axeitada coa finalidade do programa educativo, non é discriminatoria e axústanse ao Dereito da Unión Europea.

Asemade, esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de afondar nunha contratación medioambiental máis responsable, que incorpore nos procedementos obxectivos específicos consideración de tipo medioambiental (redución de emisións de gases efecto invernadoiro, xestión máis sostible da auga, a promoción do papel reciclado e a produción ecolóxica)

En concreto, propónse como condición especial de execución de carácter medioambiental:

- A utilización de papel reciclado por parte da empresa adxudicataria na realización do material didáctico entregado ao alumnado participante, así como na realización dos soportes documentais do persoal docente da empresa vinculado á execución do contrato, priorizando na medida do posible as comunicacións e envío de información a través de medios telemáticos.

9. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Non procede.

10. PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características da prestación do contrato e traballos a realizar (básicamente docencia e xestión) non se considera necesario, establecer prazo de garantía.

11. SUBCONTRATACIÓN

Establécense como tarefas críticas a executar directamente polo contratista, sen que proceda a súa subcontratación as seguintes: Contratación de persoal docente e persoal administrativo.

Xustificación do establecemento de tarefas críticas: A xestión do programa municipal “Educación Básica de Persoas Adultas” consiste na materialización dunha iniciativa didáctico-formativa municipal que require dunha visión integral das diferentes actividades que nel se desenvolven. O elemento substancial do programa educativo é a impartición por parte do persoal docente do programa lectivo cos contidos e actividades que nel se propoñen coa finalidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os coñecementos básicos do alumnado adulto, para mellorar as súas capacidades persoais, intelectuais e sociais. Este persoal docente é un elemento primordial para impartir o plan de estudos, implementar as distintas actividades, facer o seguimento do rendemento individual de cada alumno/a, avaliar a impartición de contidos, aplicar as medidas de atención á diversidade e realizar a atención directa ao alumnado, responsabilizándose de supervisar o control da súa asistencia. Así, é un elemento relacionado directamente coa prestación de servizo, que é obxecto de avaliación das ofertas, tal e como se ven de expoñer.

En consecuencia, tratándose dun contrato non de resultado, senón de actividade formativa na que a prestación servizo se realiza de forma continuada con alumnado adulto cunha finalidade de alcanzar o máximo desenvolvemento das súas competencias básicas, considérase unha tarefa crítica que non debe ser subcontratada por incidir na execución deste contrato, polo carácter esencial das labores que están chamados a realizar consonte ao prego de prescricións técnicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 10 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

De xeito que, atendendo aos intereses públicos presentes nesta contratación non é indiferente que se subcontraten estas tarefas, evitando a presenza de intermediarios entre o contratista e a administración nun programa destas características.

Deste xeito, requírese dos licitadores para que presenten as súas ofertas en base a ese programa educativo, que contén co persoal específico (persoal docente e de xestión administrativa), así como de metodoloxías e procedementos adecuados. Os estándares de calidade do programa municipal “Educación Básica de Persoas Adultas” son resultado desa necesaria visión integrada do desenvolvemento dos traballos. Hai que ter en conta que estamos a traballar cun alumnado adulto especialmente dos sectores sociais máis desfavorecidos, que moitas veces son vulnerables por estar en situación de risco de exclusión social, que ao dispor de menor formación ten menos posibilidades de acceder ao mercado laboral; polo que é preciso garantir a posibilidade de mellorar as súas competencias básicas, o cal contribuirá decididamente a promover a súa igualdade de dereitos e oportunidades, polo que entendemos que é necesario que os principais traballos nos que consiste este contrato, sexan levados a cabo directamente pola empresa adxudicataria.

12. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se preveen modificacións do contrato.

13. SEGURO

De acordo coa **consulta realizada co mediador de seguros (contratista do Concello)**, esixírase a subscrición das oportunas pólizas de seguros co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato, que deberán cumprir cos seguintes requisitos:

13.1. Seguro de Responsabilidade Civil

O contratista debe subscribir un Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada.

Deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais e perxucios consecuenciais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas de Responsabilidade Civil serán:

- Responsabilidade Civil Explotación, incluíndo a garantía da Responsabilidade Civil Subsidiaria no caso de que se subcontrate algún tipo de traballo ou xestión relacionada co obxecto do contrato.
- Responsabilidade Civil Patronal, cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- Responsabilidade Civil Post-traballos/servizos.
- Defensa xurídica e Fianzas.
- Neste caso o Concello de Vigo, debe figurar como asegurado adicional sen perder a súa condición de terceiro.

13.2. Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes para a totalidade das persoas participantes (alumnado e profesorado) durante a impartición do programa formativo, debendo cubrir como mínimo os seguintes aspectos:

As garantías e capitais mínimos esixidos para este seguro de seguro de Accidentes serán:

- Morte por Accidente – 3.000 €/Asegurados.
- Invalidez Permanente Parcial según baremo por accidente – 3.000 €/Asegurado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 11 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

- Asistencia Sanitaria por accidente: Ilimitada en centros concertados.

A garantía da Asistencia Sanitaria deberá garantir o pago dos Gastos da Asistencia Sanitaria en que incurran as persoas participantes como asegurados, e comprende os gastos de asistencia urxente ou primeiros auxilios, asistencia médica, ambulancia e traslados de carácter urxente, hospitalización e rehabilitación.

Por centro concertado entenderase un establecemento público ou privado, Hospital, Centro Sanitario ou Clínica, legalmente autorizado para o tratamento médico de enfermidades ou lesións corporais cos medios materiais e personais necesarios para facer diagnósticos ou intervencións quirúrxicas.

13.3. Calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período de duración do contrato.

A póliza reseñada no punto 1 deberá prestar cobertura polos danos ocorridos e reclamados durante todo o período de execución do contrato e ata o remate do mesmo e polos danos ocorridos durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o contratista presentará ao Concello de Vigo copia das pólizas subscritas e asinadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén dos correspondentes xustificantes dos recibos liquidados.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos nos seguros contratados, deberán ser soportada polo contratista.

O contratista obrígase a responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo termo o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

14. RESPONSABLE DO CONTRATO

Establécese como responsable técnico do contrato ao Técnico do Servizo de Educación, Pedro Vázquez Iglesias.

15. LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

As actividades previstas no presente contrato desenvolveranse basicamente coa impartición da docencia e formación de alfabetización de persoas adultas nos locais e instalacións propostos polo licitador, e naqueles espazos ou lugares determinados polo licitador no seu proxecto educativo para o desenvolvemento das actividades complementarias e/ou extraescolares que se propoñan no mesmo

16. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

O presente contrato ten previsto o seu inicio a partires do 01 de Outubro de 2024.

17. CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Si. Os datos e información do alumnado participante relacionados coa xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas", se ceden ao contratista coa finalidade exclusiva de poder realizar unha prestación óptima do obxecto do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 12 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

18. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non.

19. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Obrigas do adxudicatario:

1) Dispoñer como mínimo de 8 locais descentralizados en parroquias para a realización da formación dos grupos que propoñan na súa oferta, que deberán estar distribuídos en distintas zonas do municipio. Antes do inicio da prestación do servizo, presentará obrigatoriamente documentación que acredite fidedignamente que os locais están á súa disposición. Esta obriga configúrase como obriga esencial de contrato.

2) Dispoñer dun equipo de traballo conformado por persoal docente suficiente para atender como mínimo 8 grupos de alumnado, e un máximo de 672 horas lectivas, para a impartición do proxecto de formación presentado polo licitador, cuxa formación académica e experiencia deberá reunir como mínimo os seguintes requisitos:

- Formación mínima de Titulación universitaria de Maxisterio ou Mestre/a, Titulación universitaria de Grao en Maxisterio de Educación Primaria ou Educación Infantil; ou Licenciatura Universitaria ou Estudos Universitarios de Grao; co antigo Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP) ou Master en Formación do Profesorado, ou formación pedagóxica ou metodolóxica similar, que se acreditará coa presentación da copia do título ou certificado expedido polo centro onde cursaron os estudos.

- Experiencia de impartición mínima dun ano no exercicio da docencia de distintas modalidades de formación de persoas adultas, promovidos por entidades ou organismos públicos ou privados, que se acreditará mediante vida laboral e/ou contrato.

Antes do inicio da prestación do servizo, presentará obrigatoriamente a relación nominal de persoal adicado ao contrato e o curriculum profesional documentado de cada un deles, que acredite de xeito fidedigno a cualificación, formación axeitada e experiencia práctica de dito persoal. Esta obriga configúrase como obriga esencial de contrato.

20. DECLARACIÓN AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación con este expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Asemade, a concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da súa sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 13 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 97471/332

O técnico do Servizo de Educación. Pedro María Vázquez Iglesias

CONFORME

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

A concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 10:51	Páxina 14 de 14
97471-332	CSV: A5AH52-AF52B4-D14CBA-EMJU6N-7634BH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		